

**CARIDE GÓMEZ, J. A., TRILLO ALONSO, F. (Dirs.) (2010), Diccionario Galego de Pedagogía, Xunta de Galicia /Editorial Galaxia, Vigo.**

Obedecendo a un proxecto de investigación planificado baixo a dirección e coordinación dos profesores Caride e Trillo, coa colaboración inmediata de outros sete profesores, responsables de distintas áreas temáticas, e co apoio de dúas documentalistas e unha secretaria técnica, podemos saudar a presenza do Dicionario Galego de Pedagogía, unha obra que, con formato de Dicionario, reivindica a súa feitura “galega”, coa intervención elaboradora de máis de cento cincuenta autores e autores, na súa maior parte ligados ás Facultades de Ciencias da Educación existentes en Galicia. Unha obra colectiva que, por igual ou de modo substantivo reivindica o concepto de “pedagogía”, como netamente identificador do campo académico ao que se vinculan as distintas ciencias da educación. Estamos ante unha obra de máis de 600 páxinas de apretado texto, na que se reúnen 546 termos, 400 deles chamados para a ocasión “conceptuais” (cun límite constante de 600 caracteres) e 146 chamados “enciclopédicos” (cun límite de 1800 caracteres).

Unha obra que vai estar nos centros de educación e formación de toda Galicia, que é mostra dun estado de saberes e de preocupacións académicas e epistemolóxicas. Unha obra que significa un punto (e seguido) no desenvolvemento dos estudos pedagóxicos en Galicia, que mesmo poderá servir de mostra comparativa coa realidade da reflexión pedagóxica alén de nós. Un Dicionario conceptual implica sempre unha selección de contidos. E o *Galego de Pedagogía* tamén o implica. Deberán saber os lectores

que foi un non menor traballo a selección dos conceptos a “establecer” no presente caso por un equipo dunha ducia de persoas.

En relación coa historia da educación (baixo a nosa coordinación) identifícanse na obra algo máis de 30 entradas explícitas, que no seu conxunto, se desenvolven desde enfoques conceptualmente esixentes: autoexestión pedagóxica, educación humanista, e. integral, e. patrística, e. popular, e. progresiva, e. xesuítica, empirismo pedagóxico, ensino mutuo, escola activa, escola nova, escolástica, hª da educación, historiografía, hª da educación en Galicia, misión pedagóxicas, movementos de renovación pedagóxica, museismo pedagóxico, naturalismo pedagóxico, pedagogía antropológica, pedagogía Freinet, p. institucional, p. montesioriana, p. sistemática, p. socialista, positivismo pedagóxico, psicanálise e educación, e realismo pedagóxico, facéndose un percorrido a través das maiores expresións históricas-educativas da cultura occidental.

O rigor e a linguaxe contida e precisa son asuntos que en todo momento se buscaron no conxunto da obra, que mantén, como é frecuente en obras deste tipo algunhas discrepancias e desigualdades, pero que é e será un valioso instrumento de consulta.

*Antón Costa Rico*

**CUESTA, R., MOLPECERES, A. (2010), Retazos, memorias y relatos del Bachillerato. El Instituto Fray Luis de León de Salamanca (1931-2009), Publicaciones del Instituto, Salamanca, 386 pp.**

Oitenta anos dun Instituto de Bacharelato dan para moita historia. A miúdo ollamos que cando unha institución académica